

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa a actuacións para garantir o dereito á vivenda das persoas e familias desafiuzadas.

Os pésimos resultados electorais ben poideran explicar o anunciado xiro do goberno Núñez Feijóo no eido de garantir o dereito a unha vivenda e erradicar a lacra dos desafiuzamentos. Os últimos anuncios deixan en claro que ate agora apenas nada se fixera para evitar o drama dos desafiuzamentos.

A Xunta recoñeceu publicamente que ao través do programa Reconduce e co protocolo de actuación asinado coa FEGAMP e o CXPX evitáronse 108 desafiuzamentos. A cifra é elocuente respecto da totalidade de procesos sufridos no noso país ao longo da crise que cos datos da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial que entre 2008-14 computan máis de once mil lanzamentos.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Cantas vivendas do denominado Fondo Social de vivenda, do IGVS, e das vivendas cedidas polo SAREB e as entidades financeiras entregáronse a persoas e familias que sufriron desafiuzamentos?

En Compostela, a 8 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 08/07/2015 10:35:06